



Os Séculos Escuros

Lingua galega e literatura

1º Bacharelato

Índice

1. Introducción

2. Contexto histórico

2.1. Situación política

2.2. Situación económica e demográfica

3. Situación sociolingüística. As orixes do conflito lingüístico

4. Imaxe de Galiza, das/os galegas/os e do galego durante os Séculos Escuros

5. A literatura galega durante os Séculos Escuros

4.1. Literatura popular


4.2. Literatura culta





1. Introducción

1. Introducción




Recibe o nome de **Séculos Escuros** o período histórico que vai dos **séculos XVI ao XVIII**. Caracterízase polo estado de marxinación social do idioma galego e pola ausencia case total de literatura culta escrita na nosa lingua. Ambos os fenómenos insírense nun proceso de marcada marxinación política e do progresivo empobrecemento económico do noutrora próspero e poderoso Reino de Galiza.



2. Contexto histórico

2.1. Situación política

- Adoita sinalarse como inicio dos Séculos Escuros a **vitoria de Isabel a Católica** na loita dinástica contra **dona Xoana** (mal chamada “A Beltranexa”).



► *Lembras como foi o desenvolvemento dese conflito dinástico e as consecuencias que tivo para Galiza?*



DONA XOANA vs. DONA ISABEL

A sucesión do rei **Henrique IV** (morto en 1474) foi disputada entre:

- **Dona Xoana** - Filla de Henrique IV e de Xoana de Portugal. Sobre ela pesaba a dúbida de se era filla lexítima do monarca (que era chamado Henrique IV *o impotente*) ou froito dunha relación da súa nai co nobre Beltrán de la Cueva (de aí que a Dona Xoana a alcumasen *A Beltranexa*). Estaba casada co seu tío, o rei Afonso V de Portugal.
- **Dona Isabel** (a futura Isabel I de Castela, Isabel a Católica) - Medio irmá do rei Henrique IV. Casada con Fernando II de Aragón.



Henrique IV



Dona Xoana



Dona Isabel

DONA XOANA vs. DONA ISABEL



Dona Xoana



Dona Isabel

A maior parte da nobreza galega apoia o bando perdedor, é dicir, a **Dona Xoana**, rebelándose contra Isabel I e contra a súa política centralista. A guerra conclúe en 1479, cando se asina o Tratado de Alcáçovas, no que se recoñecen a Isabel e Fernando como reis de Castela.



*Isabel e Fernando,
os Reis Católicos*



Dominios dos Reis Católicos

DONA XOANA vs. DONA ISABEL

- Xa no poder, os Reis Católicos toman medidas contra a nobreza rebelde de Galiza someténdoa, quitándolles o seu poder e, en moitos casos, substituíndoa por nobres de fóra.
- Isto foi algo constante ao longo dos Séculos Escuros: as clases dirixentes de Galiza eran maioritariamente de orixe castelá.
- E isto, obviamente, ten consecuencias para a situación sociolingüística: agora as clases altas non falan galego, senón castelán. Falaremos disto con maior detemento no seguinte punto.



Foi, en palabras do cronista real Jerónimo Zurita, a ***doma y castración del Reino de Galicia***:

“En aquel tiempo se comenzó a domar aquella tierra de Galicia, porque no sólo los señores y caballeros della pero todas las gentes de aquella nación eran unos contra otros muy arriscados y guerreros, y (...) se fueron allanando y reduciendo a las leyes de la justicia con rigor del castigo.”

(J. Zurita)



Un dos nobres máis combativos contra a política dos Reis Católicos foi o **MARISCAL PEDRO PARDO DE CELA**, que chegaría a converterse nunha figura mítica para Galiza.

O mariscal Pardo de Cela, un rebelde do século XV



Un dos nobres máis combativos contra a política dos Reis Católicos foi o **MARISCAL**

PEDRO PARDO DE CELA



Resistiu a ofensiva dos Reis Católicos durante máis de tres anos, atrincheirado na **FORTALEZA DA FROUSEIRA** (en Alfoz, Lugo).



A lenda conta que a súa muller logrou que os Reis Católicos lle perdoasen a vida. Porén, non chegou a tempo para impedir a súa morte porque a entretiveron na chamada **PONTE DO PASATEMPO** (en Mondoñedo).




O mariscal foi decapitado na **praza de Mondoñedo**, fronte á catedral, o 17 de decembro de 1483

2.2. Situación económica e demográfica

- O principal motor da economía continuía a ser a **agricultura**. O campesiñado constitúe máis do 75% da poboación.
- Galiza tiña un **SISTEMA RENDISTA OU FORAL**: os campesiños traballaban as terras dos señores e pagábanlles o foro (un imposto que supoñía entre o 25% e o 50% do que colleitaban).
Deste xeito...
 - Os señores (alto clero, nobreza, fidalguía) vivían comodamente a conta das rendas que lles pagaban os labregos.
 - Mentres tanto, o campesiñado sobrevivía na pobreza, vítimas do analfabetismo e sen poder acceder á propiedade da terra.

O sistema foral perviviu no tempo até comezos do século XX



[A nosa Terra non é nosa, rapaces]

Castelao

2.2. Situación económica e demográfica

- A poboación medra enormemente ao longo destes séculos.
- O crecemento demográfico e a miseria do campesiñado explican o nacemento dun dos fenómenos máis importantes da nosa historia:
A EMIGRACIÓN.
- Desde o século XVI prodúcense emigracións de galegos cara a Andalucía, Portugal e Castela, para o desempeño dos peores oficios. A partir do XVIII, os galegos comezan a emigrar a Arxentina.



Entre 1500 e 1750, a poboación galega pasou de 350.000 a 1.300.000 habitantes.



Monumento aos emigrantes - Luís Seoane
Concello de Oleiros



3. Situación sociolingüística. As orixes do conflito lingüístico

3. Situación sociolingüística. As orixes do conflito lingüístico

Como consecuencia da situación sociopolítica que describimos, durante os Séculos Escuros rompeuse a homoxeneidade lingüística que existira na sociedade galega durante a época medieval. O castelán vai imponéndose paulatinamente en Galiza e orixínase unha **situación diglósica** caracterizada do seguinte xeito:

Galego	Castelán
Lingua maioritaria Continúa a ser a lingua habitual da inmensa maioría da poboación (arredor do 95%)	Lingua minoritaria Só é a lingua das capas máis altas da sociedade (nobreza, alto clero...)
Lingua minorizada / dominada O galego deixa de empregarse nos textos escritos e apártase tamén de calquera ámbito social elevado. É unha lingua minusvalorada socialmente.	Lingua de prestixio / dominante É a lingua dos textos escritos e a lingua empregada polas clases dominantes.

3. Situación sociolingüística. As orixes do conflito lingüístico

A marxinación do galego dos ámbitos sociais elevados e da escrita ten **consecuencias** directas para a nosa lingua coma:

- Ausencia dunha norma culta / estándar
- Afastamento do portugués
- Ruralización do léxico
- Castelanización da onomástica
- Introdución de castelanismos léxicos
- Aparición de prexuízos lingüísticos





4. Imaxe de Galiza, das/os galegas/os e do galego durante os Séculos Escuros

4. Imaxe de Galiza, das/os galegas/os e do galego

- Como consecuencia da marxinación política e da pobreza en que vivía a maior parte da poboación galega, ao longo desta época nace unha **imaxe do galego como un pobo mísero, atrasado, inculto e carente de calquera virtude**, así como unha **visión de Galiza como unha terra inhóspita e fea**.
- Esta consideración despectiva de Galiza e do pobo galego reflítese no refraneiro e na literatura española renacentista e barroca.



Góngora

*¡Oh montaña de Galicia
Cuya, por decir verdad,
hermosura es suciedad,
cuya maleza es malicia...*



Quevedo


*Galicia en España es tenuta por
ruda, pobre, bárbara y remota,
poco favorecida de Naturaleza,
fea, con montes y áspera.*

Refraneiro:

- *No fíes en perro que cojea ni en amor de gallega*
- *Ruin como gallego*
- *Ni perro negro, ni mozo gallego*
- *Antes puto que gallego*
- *Antes moro que gallego.*

4. Imaxe de Galiza, das/os galegas/os e do galego

Esta imaxe de Galiza e do pobo galego amplíase tamén á lingua, nacendo fortes **prexuizos lingüísticos** que mesmo perduran até os nosos días:



4. Imaxe de Galiza, das/os galegas/os e do galego

Esta imaxe que se proxecta sobre Galiza, sobre os seus habitantes e sobre a súa lingua remata afectando á propia poboación galega, que asume esa imaxe e eses prexuízos. Así, nace nesta altura un **complexo de inferioridade e un sentimento de autodesprezo ou autoodio por ser e falar galego.**



4. Imaxe de Galiza, das/os galegas/os e do galego

- *Cres que a imaxe estereotipada que se creou nos Séculos Escuros de Galicia e dos/as galegos/as está superada hoxe en día?*
- *Que estereotipos / tópicos sobre Galiza e os seus habitantes son máis comúns hoxe en día?*
- *Paréceche que os prexuízos lingüísticos asociados á lingua galega están actualmente superados?*



https://www.eljueves.es/temazo/galicia-explicada-los-gallegos_1394/1

https://www.youtube.com/watch?v=M3AWWegTv_A



5. A literatura galega durante os Séculos Escuros

5.1. Literatura popular



Literatura do pobo

- Tal e como xa vimos, durante os Séculos Escuros a lingua galega foi apartada da escrita. Así pois, a literatura que houbo durante esta etapa foi case exclusivamente de carácter popular, oral e anónima.
- Definimos a **literatura popular** como a «**literatura do pobo**», un conxunto moi variado de xéneros (lendas, contos, cantigas, adiviñas...) creados, gozados, difundidos e conservados polo pobo.

5.1. Literatura popular



Trazos da literatura popular

1. Oralidade

- É unha literatura oral, creada de xeito oral e transmitida tamén oralmente de xeración en xeración.

2. Variabilidade

- Un mesmo texto pode posuír facilmente varias versións. A difusión oral implica continuos cambios, adaptacións...

3. Anónima

- O nome do autor carece de relevancia.

4. Finalidade na comunidade

Ten unha finalidade concreta dentro da comunidade: divertir, ensinar algo, facer máis levadeiro o traballo, galantear, criticar ou ridiculizar a alguén...

5.2. Literatura culta

Apenas existen **mostras literarias cultas escritas** en galego ao longo dos Séculos Escuros.

De entre as escasas manifestacións literarias cultas en galego desta época destacamos as seguintes:



a. O pranto da Frouseira



b. Sonetos pola raíña Margarida de Austria



c. Coplas no saqueo de Cangas polos turcos



d. Décimas ao Apóstolo Santiago



e. Vilancicos de Nadal



f. Entremés famoso sobre a pesca no río Miño

5.2. Literatura culta

a. O Pranto da Frouseira



Pardo de Cela

O coñecido como *Pranto da Frouseira* está constituído por dous poemas anónimos do século XV: o *Cantar do Mariscal* e o *Romance do Mariscal*. Recréase o tema da morte do mariscal Pardo de Cela. A Fortaleza da Frouseira (onde o mariscal resistiu durante máis de tres anos fronte aos Reis Católicos) laméntase da traición sufrida por Pardo de Cela.



A Fortaleza da Frouseira

5.2. Literatura culta

b. Sonetos renacentistas pola raíña Margarida de Austria

Consérvase un pequeno feixe de sonetos de corte renacentista escritos en galego. De entre eles, podemos destacar dous escritos con motivo da morte da raíña **Margarida de Austria**:

- *Soneto con falda*, de Xoán Gómez Tonel
- *Respice finem*, de Pedro Vázquez de Neira



*Margarida de Austria
(e o seu can)*

5.2. Literatura culta

c. Coplas no saqueo de Cangas polos turcos

Descríbense nestas coplas a angustia e o pánico dos habitantes de Cangas (Pontevedra), cando a vila foi atacada por unha escuadra de piratas turcos no 1617.



A vila pontevedresa de Cangas do Morrazo

5.2. Literatura culta

d. Décimas ao Apóstolo Santiago

As seis “Décimas ao Apóstolo Santiago” foron escritas polo crego Martín Torrado, para criticar con humor o intento de nomear a Teresa de Ávila copatroa de España, ao mesmo nivel que o Apóstolo Santiago.




A figura do apóstolo na Catedral de Santiago de Compostela

5.2. Literatura culta

e. Vilancicos de Nadal

Os *vilancicos* de Nadal en galego son interpretados tanto en Galiza coma no resto da Península. Presentan unha galeguización da escena do Nadal, identificándose a pobreza en que nacera Xesús coa pobreza en que vivían os labregos galegos.



5.2. Literatura culta

f. Entremés famoso sobre a pesca no río Miño

Consérvase unha breve peza teatral coñecida como *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño*, da autoría de Gabriel Feixó de Araúxo. A obra aborda os conflitos entre os pescadores galegos e os portugueses no río Miño.





Carolina Pérez C